**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2021 14:38:34**

CSV: REXISTROxu28h9Sqv9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4. Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 13643(11/MOC-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector eólico en Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 8063, publicada no BOPG n.º 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:14:30
Nº Rexistro: 13643
Data envío: 26/03/2021 12:14:30.461

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 24 de marzo, sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector eólico en Galicia (doc. núm. **8063**, [**11/INT-000496**]).

**Moción**

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar un consenso ou acordo eólico para Galiza que poña fin aos problemas derivados da caducidade do Plan Sectorial Eólico de 1997 e dos cambios lexislativos impulsados sen diálogo cos sectores implicados aplicados, fundamentalmente a través da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza e a través da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza.

2. Para dar cumprimento ao primeiro punto, no prazo máximo de 15 días a Xunta constituirá unha mesa de traballo participativa para elaborar unha proposta ordenación do sector eólico que defina as necesidades de Galiza tendo en conta o papel doutras tecnoloxías e que defina áreas de implantación e áreas de exclusión e equilibrando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais. Neste foro serán integrados, como mínimo: universidades,

CSV: REXISTRO94vlD4jeK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:14:30
Nº Rexistro: 13643
Data envío: 26/03/2021 12:14:30.461

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fegamp, Consello Económico e Social e os axentes sociais, medioambientais e institucionais relevantes do país.

3. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:

a) Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura.

b) Non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

c) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

d) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

e) Realizar unha avaliación de conxunto sobre o impacto dos parques nos recursos hídricos e en humidais e turbeiras.

CSV: REXISTRO94vlD4jeK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:14:30
Nº Rexistro: 13643
Data envío: 26/03/2021 12:14:30.461

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Garantir unha verdadeira política de transparencia e información tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando meirandes capas de mapeo con información administrativa e facilitando o acceso á información relacionada (proxectos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación con elementos como é a potencia, etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato e mecanismos de negociación."

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO94vlD4jeK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 12:14:30
Nº Rexistro: 13643
Data envío: 26/03/2021 12:14:30.461

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños  na data 26/03/2021 12:13:41**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2021 12:13:54**

CSV: REXISTRO94vlD4jeK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 13656(11/MOC-000035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 2842, publicada no BOPG n.º 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13656
Data envío: 26/03/2021 14:00:42.599

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 23 de marzo de 2021, sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional (doc. núm. 2842).

Moción

1º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a rexeitar con contundencia calquera forma de corrupción, en particular a asociada ao partido que o sustenta, así como a asumir as responsabilidades políticas que poidan derivarse das causas xudiciais asociadas aos casos Gürtel, Bárcenas, Kitchen e calquera outra relacionada, e aplicar a máxima transparencia e rigor nos procesos de contratación pública e selección de persoal.

2º) O Parlamento de Galicia acorda crear, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, unha comisión para investigar as conexións do Partido Popular de Galicia co financiamento ilegal do PP a nivel estatal.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 26/03/2021 13:55:32**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/03/2021 13:55:48**

CSV: REXISTROLJp5WTSLy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 13658(11/MOC-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 3673, publicada no BOPG n.º 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13658
Data envío: 26/03/2021 14:19:04.689

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 24 de marzo, sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia (doc. núm **3673**, [**11/INT-000237**]).

**Moción**

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

Facer efectivo o **dereito de acceso á vivenda** comprometéndose, como mínimo, a:

1. Asumir e incorporar dentro do novo Plan de Vivenda 2021-2025 a redución dos prezos do alugueiro da vivenda libre como un **obxectivo estratéxico**.

2. Elaborar e presentar na Cámara lexislativa, no prazo máximo de 6 meses, un **Plan galego por un alugueiro accesible garantido**, que estude e propoña medidas específicas adaptadas ao contexto inmobiliario e socioeconómico galego, e que permitan lograr:

   - Rebaixar os prezos do alugueiro da vivenda principal no mercado libre, facilitando así o acceso á vivenda a un maior número de fogares galegos.

CSV: REXISTROSIOMF05ZL5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13658
Data envío: 26/03/2021 14:19:04.689

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incrementar substancialmente a porcentaxe de vivenda pública en alugueiro respecto ao total do parque construído, que permita garantir o acceso á vivenda mediante rendas limitadas ou adaptadas.
- Complementariamente ás anteriores, garantir o acceso á vivenda mediante o aumento das liñas de axudas directas a inquilinos, que cubran especialmente a aqueles colectivos máis vulnerables ou actualmente máis desprotexidos.

3. Elaborar por parte do **Observatorio da Vivenda de Galicia** un estudo e diagnóstico, pormenorizado e territorializado, das variacións dos prezos da vivenda libre en aluguer e o seu impacto na accesibilidade que será publicado nun informe anual. Os datos obtidos serán publicados de forma actualizada mediante un visor espacial de datos."

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTROSIOMF05ZL5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13658
Data envío: 26/03/2021 14:19:04.689

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 26/03/2021 14:18:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2021 14:18:38**

CSV: REXISTRO5I0MF05ZL5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.  Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 9291(11/PNP-000930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e González Albert, María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia coa finalidade do recoñecemento do Bierzo como provincia

*Publicación da iniciativa, 88, 03.02.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 13:19:45
Nº Rexistro: 9291
Data envío: 28/01/2021 13:19:45.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ana Pontón Mondelo** e **María González Albert**, e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste ano 2021 O Bierzo celebra 200 anos da creación e posterior perda da "Provincia do Vierzo", con distintos intentos por recuperala ao longo de todo este tempo, así como tamén o "Consello Comarcal do Bierzo" cumpre o seu trixésimo aniversario.

A orixinaria provincia do "Vierzo"

Despois da xura da Constitución de 1812 iníciase o 9 de marzo de 1820 nas Cortes un novo proceso, con carácter de urxencia, de organización administrativa do Reino. Nese momento a "provincia do Vierzo" suscita numerosos problemas orixinados na rivalidade entre as dúas principais cidades da zona: Ponferrada e Vilafranca, poñendo ambas cidades todos os seus recursos e argumentos ao servizo da obtención da capitalidade provincial. En setembro de 1821 a comisión encargada decide constituír a provincia do Vierzo a falta de definir a súa capitalidade, que fica definida finalmente o 14 de outubro como Vilafranca do Vierzo. Así, o 16 de outubro publícase na Gaceta de Madrid co nome de "provincia del Vierzo, capital Vilafranca".

CSV: REXISTROaM5LSWBTG1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 13:19:45
Nº Rexistro: 9291
Data envío: 28/01/2021 13:19:45.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 27 de xaneiro de 1822 publícase o Decreto polo que O Bierzo se converte definitivamente en provincia e exerce naquel momento xurisdición sobre os partidos xudiciais de Vilafranca, Ponferrada, Toreno, e O Barco de Valdeorras.

A supresión da provincia non foi tomada en principio como algo definitivo, senón como un castigo ante a defensa da opción constitucional do Bierzo. Séguese citando nos documentos oficiais locais á extinta provincia como se seguise vixente. En 1834 créanse os partidos xudiciais de Ponferrada e Vilafranca do Bierzo.

Sucédense desde entón distintos intentos e protestas dos representantes bercianos co fin de recuperar a provincia, especialmente a partires da rexencia de Espartero (1841). Por Ponferrada interceden principalmente o deputado Pascual Fernández Baeza e o senador Nemesio Fernández García. Por Vilafranca do Bierzo Apolinar Suárez de Deza co apoio da comarca de Valdeorras.

No 1842 abríronse novas ilusións polo proxecto presentado por Fermín Caballero que contemplaba a creación da provincia de Ponferrada. Un proxecto que fixo que a vila comezara unha serie de iniciativas para recuperar a provincia e a súa capitalidade.

En 1846 ante o fracaso do proxecto de Caballero, José Pérez Carús dirixe un novo expediente que tamén fracasa habendo un novo intento durante o Bienio Progresista (1854-1855).

Finalmente, rematada a ditadura franquista e coa Constitución de 1978, organízanse distintos movementos políticos no Bierzo: Independentes do Bierzo, Partido do Bierzo, e recentemente Coalición polo Bierzo, que por fin irrompe no Consello Comarcal do Bierzo, logra varias Alcaldías e o goberno en coalición en Ponferrada, e no 2015 no propio Consello Comarcal. Todos estes e outros movementos



CSV: REXISTROaM5LSWBTG1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 13:19:45
Nº Rexistro: 9291
Data envío: 28/01/2021 13:19:45.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sempre loitaron polo dereito provincial do pobo berciano, así como polo desenvolvemento da única institución que os representa como tales, o "Consello Comarcal do Bierzo" creado pola comunidade autónoma de Castela e León en 1991.

Existen numerosos movementos sociais e culturais no Bierzo: entre outros, Fala Ceibe do Bierzo, As Médulas, e máis recentemente o movemento cidadán "A Quinta" que avoga directamente pola creación da provincia berciana e a súa inclusión na comunidade galega.

Neste contexto existen a día de hoxe numerosos estudos e enquisas que versan sobre a intención moi favorábel das bercianas e bercianos de recuperar a súa institución provincial. O primeiro deles, realizado pola UNED Ponferrada, é de 1995, no que o desexo de recuperación da provincia obtivo o SI do 53,4% da poboación fronte ao 34,3% que estaba á contra.

En xaneiro de 2020 un novo estudo demoscópico realizado pola compañía Huaris CC revelaba que, en caso de ter que escoller unha nova configuración autonómica, xs bercianxs elixirían como fórmula prioritaria a unión do Bierzo a Galiza (e preferibelmente como quinta provincia) antes de unirse a unha hipotética nova comunidade autónoma de León. No último apartado da enquisa, no que poden escoller unha nova configuración autonómica, a maioría (38%) preferiría unir O Bierzo a Galiza.

Nestes últimos anos teñen sido varios os concellos e parroquias bercianas que teñen solicitado a súa integración en Galiza como Fonte de Oliva (opción vista con simpatía polo presidente da Xunta en declaracións públicas) ou A Veiga de Valcarce.

Neste contexto entendemos que, salvando as mesmas, é preciso o diálogo entre as distintas administracións que a día de hoxe teñen responsabilidades sobre o territorio que compuña a antiga provincia de "Vilafranca do Vierzo".



CSV: REXISTROaM5LSWBTG1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 13:19:45
Nº Rexistro: 9291
Data envío: 28/01/2021 13:19:45.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo, fóra de vicisitudes históricas e de alteracións nos lindes administrativos da Galiza, o marco legal vixente recoñece expresamente a existencia de vínculos entre Galiza e o Bierzo. A Lei 3/1983 de normalización lingüística, por exemplo, establece no seu artigo 21.2. a necesidade de o Goberno galego protexa "a lingua falada en territorios limítrofes coa comunidade autónoma". Tamén o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (aprobado por unanimidade no 2004 no Parlamento da Galiza), define liñas de actuación concretas (até 12 medidas) de colaboración no Bierzo nesta materia. Finalmente, o Estatuto de Autonomía de Galiza (1981), no seu artigo 35, habilita á comunidade autónoma da Galiza para o establecemento de acordos de cooperación e convenios con outras comunidades autónomas.

Por outra banda, a realidade actual determina que as comarcas do Bierzo e Valdeorras (principalmente) mais tamén das zonas limítrofes coa provincia de Lugo, manteñen a día de hoxe unhas interrelacións a nivel de infraestruturas, turismo, emprego, sanidade, organización territorial, etcétera, que moitas veces son resoltas con moita ineficacia por pertenceren como pertencen a dúas CCAA diferentes.

Así, e a petición expresa da Coalición polo Bierzo, o BNG formula unha proposta co obxectivo de abrir un proceso de diálogo que explore as opcións de encaixe territorial do Bierzo, partindo do seu recoñecemento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Recoñecer o dereito do Bierzo a se poder converter nunha provincia, na que bercianos e bercianas decidan o seu encaixe territorial a través dunha consulta popular.



CSV: REXISTROaM5LSWBTG1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 13:19:45
Nº Rexistro: 9291
Data envío: 28/01/2021 13:19:45.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. En caso de a vontade libre da sociedade do Bierzo opte por se incorporar á Comunidade Autónoma da Galiza, o Goberno galego adoptará as medidas legais precisas, sempre de acordo coa Junta de Castilla y León e nas canles regradas establecidas no Congreso dos Deputados, co fin de verificar no plano institucional esa aspiración.

3. En calquera caso, abrir un diálogo coa Junta de Castilla y León e o Consello Comarcal do Bierzo, co fin de establecer pautas de colaboración institucional en ámbitos diversos (económico, social, lingüístico, sanitario, educativo, etc.) e de interese recíproco, así como para formalizar un foro estábel e permanente de coordinación e diálogo sobre asuntos que atinxan ao Bierzo, Valdeorras e franxa oriental de Lugo, ao amparo do artigo 35 do Estatuto de Autonomía de Galiza.

4. Colaborar coa Junta de Castilla y León e o Consello Comarcal do Bierzo nos actos de celebración do 200 aniversario da creación da "Provincia do Vierzo" ou "Provincia de Vilafranca do Vierzo"."

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Deputada e deputado do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTROaM5LSWBTG1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 13:19:45
Nº Rexistro: 9291
Data envío: 28/01/2021 13:19:45.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert  na data 28/01/2021 13:18:53**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  na data 28/01/2021 13:19:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/01/2021 13:19:15**

CSV: REXISTROaM5LSWBTG1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 10804(11/PNP-001062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

*Publicación da iniciativa, 101, 24.02.2021*

grupo parlamentario popular de galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 FEB. 2021
Núm. 10804

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, José Manuel Rey Varela, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno.**

## Exposición de motivos

Os estaleiros de NAVANTIA na ría de Ferrol e os seus traballadores están a sufrir un abandono manifesto por parte do Goberno do Estado.

O PGE de 2018 contemplaban unha partida orzamentaria de 250 millóns de euros para iniciar os traballos dos cinco buques que integran o programa das Fragatas F-110, que se construirán nos estaleiros públicos da ría de Ferrol, que deberían dar ocupación a 7000 traballadores durante os próximos anos.

Esta partida que non foi executada polo Goberno socialista nin en 2018, nin en 2019, nin no que vai deste ano 2020. E polas súas recentes declaracións, tampouco o farán en 2021. As previsións do Goberno, expresadas en sede parlamentaria nas últimas semanas, sitúan no ano 2022 o inicio do proceso de construción do primeiro dos buques.

Estes retrasos prodúcense xusto no momento no que os estaleiros da ría de Ferrol ultiman a construción do segundo dos buques AOS para a Armada de Australia, que finalizarán nos próximos meses.

Teñen lugar despois de que o Goberno socialista perdera o contrato para a construción de 10 fragatas para a armada dos Estados Unidos, unha oportunidade que supoñía máis de 5000M€.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

grupo
parlamentario
popular de galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 FEB. 2021
Núm. 10804

E tamén despois de que o Ministerio de Defensa contradiga ao PSdG-PSOE encargando un buque BAM no estaleiro de Navantia en Puerto Real por un importe de 167 millóns de euros, o que dotará ao estaleiro andaluz de máis dun millón de horas de carga de traballo.

O Parlamento de Galicia aprobou o pasado mes de setembro, a instancias do Grupo Popular, unha iniciativa solicitando ao goberno galego que demandara do Goberno de España carga de traballo para os estaleiros ferroláns que permitan ocupar á plantilla de Navantia Fene-Ferrol e á industria auxiliar, así como o desenvolvemento dos investimentos necesarios para dispor dun Estaleiro 4.0

A ausencia de carga de traballo do complexo industrial de Navantia sume na incerteza e incrementa a precariedade laboral e económica nos diferentes concellos da comarca de Ferrolterra, ao tempo que pon de manifesto as incoherencias (con distintos posicionamentos políticos dende o mesmo partido político na comarca, na nosa comunidade autónoma ou a nivel estatal) e a ausencia de palabra das persoas que a día de hoxe desempeñan altas responsabilidades no Executivo central, onde fan xusto o contrario do que prometían cando exercían labores de oposición.

Por iso o Grupo Parlamentario Popular de Galicia considera necesario que a Cámara fixe un posicionamento no mes de marzo, na medida en que persiste a inacción do Goberno central en relación co futuro do estaleiro Navantia. Continúa sendo preciso reclamar, dende todas as institucións e as diferentes administración, que resulta imprescindible dotar de carga de traballo ao estaleiro e asegurar por tanto o futuro de toda unha comarca.

Polo todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado a encargar aos estaleiros de Navantia en Ferrol a construción dun BAM (Buque de Acción Marítima) para a Armada Española, que permita dotar de carga de traballo inmediata á ría de Ferrol, tanto para a plantilla principal como para a industria auxiliar".

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10961
Data envio: 15/02/2021 14:00:18.052

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, solicita que se inclúan as sinaturas que de seguido relacionamos nos documentos cos seguintes números de rexistro: 10803, 10804, 10805, 10806, 10807, 10808, 10809, 10810, 10811, 10812, 10813, 10814, 10815, 10816, 10817, 10818, 10819, 10820, 10821, 10822, 10823, 10824

- Miguel Ángel Tellado Filgueira,
- Diego Calvo Pouso
- Jose Manuel Rey Varela
- Borja Verea Fraiz
- Jose Antonio Armada Pérez
- Marta Nóvoa Iglesias
- Ovidio Rodeiro Tato
- Cristina Sanz Árias
- Sandra Vázquez Domínguez

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

CSV: REXISTROQtc2TDayj6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10961
Data envio: 15/02/2021 14:00:18.052

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/02/2021 13:50:24**

**Diego Calvo Pouso na data 15/02/2021 13:50:31**

**José Manuel Rey Varela na data 15/02/2021 13:51:13**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 13:51:37**

**Borja Verea Fraiz na data 15/02/2021 13:51:56**

**José Antonio Armada Pérez na data 15/02/2021 13:52:34**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 15/02/2021 13:53:55**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 15/02/2021 13:54:19**

**Cristina Sanz Arias na data 15/02/2021 13:54:43**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 15/02/2021 13:55:01**



CSV: REXISTROQtc2TDayj6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 12381(11/PNP-001220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recoñecementos do grao de discapacidade revisados nos anos 2019 e 2020 e as valoracións telefónicas que se están a realizar para a súa obtención

*Publicación da iniciativa, 112, 17.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2021 10:13:03
Nº Rexistro: 12381
Data envío: 10/03/2021 10:13:03.594

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

**Exposición de motivos**

A solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade é a fórmula precisa para obter o certificado do grao de discapacidade que acredita a discapacidade das persoas no noso país. As pautas de valoración, segundo a propia Administración competente, fundaméntanse sobre todo nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Este recoñecemento efectúase a través dos EVO (Equipos de valoración e orientación) dependente da Consellería de Política Social.

O feito de alcanzar un 33 % condiciona o acceso a unha serie de beneficios fiscais, laborais, económicos, educativos ou sociais.

Os EVOs son equipos multidisciplinares formados por persoal médico, do ámbito da psicoloxía e do traballo social, que executan actuacións específicas á valoración e cualificación da discapacidade, así como da orientación para a habilitación, rehabilitación e medidas destinadas a favorecer ás persoas con discapacidade.

Actualmente as valoracións para obter o recoñecemento de grao de discapacidade estanse a facer mediante valoracións telefónicas. Dada a casuística a tratar, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que de xeito inmediato e con tódalas precaucións e cumprindo a normativa sanitaria, débense retomar as valoracións presenciais por parte dos EVOs. É evidente que a valoración dunha cuestión que determinará certos dereitos ás persoas con discapacidade, tense que dar de xeito presencial con todas as garantías que optimicen a calidade da mesma.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: REXISTROmiREfZAMB4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2021 10:13:03
Nº Rexistro: 12381
Data envío: 10/03/2021 10:13:03.594

1. Que presente o número de recoñecementos revisados que baixaron a porcentaxe de discapacidade no ano 2020 así coma os do ano 2019.

2. Que os EVO (Equipos de valoración e orientación) dependentes da Consellería de Política Social, retomen as valoracións presenciais para os recoñecementos de grao de discapacidade."

Pazo do Parlamento, 09 de marzo de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 09/03/2021 19:07:14**

**Julio Torrado Quintela na data 09/03/2021 19:07:24**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 09/03/2021 19:07:35**

CSV: REXISTROmiREfZAMB4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.4 13553(11/PNP-001319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de eliminación das patentes dos produtos que hai para a loita contra a covid-19 e a adquisición das vacinas que superasen os preceptivos controis sanitarios

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:14:04
Nº Rexistro: 13553
Data envío: 25/03/2021 13:14:04.626

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a petición de eliminar as patentes dos produtos existentes para a loita contra a Covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada pola covid-19 hai un ano a busca de tratamentos para os doentes ou de vacinas vén sendo unha urxente necesidade. Pero o que vimos observando é unha serie de decisións que en vez de favorecer que o antes posíbel a poboación conte cos medios para poder facer fronte ao virus e inmunizarse, o que semella é que responden a intereses xeopolíticos moi afastados das necesidades e da saúde da poboación.

O Estado español partillou cos outros estados da Unión Europea a decisión de centralizar nesta a adquisición de vacinas. A partir de aí toda a actuación realizada só cabe cualificala de escandalosa e neglixente, levada a cabo con total escurantismo. Na xestión realizada visualízase con total claridade a posición da Comisión Europea de servir aos intereses económicos da poderosísima industria farmacéutica, ao negocio das multinacionais.

O que tiña que ser unha prioridade sanitaria absoluta, convertida en pura transacción económica pola Comisión Europea, que ten demostrado naqueles contratos xa asinados, e cuxas condicións concretas son ocultadas aos representantes da



CSV: REXISTROuMwqXDYot9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:14:04
Nº Rexistro: 13553
Data envío: 25/03/2021 13:14:04.626

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidadanía, a súa incapacidade para esixir das multinacionais o cumprimento dos acordos asinados, e en parte pagados, de fornecemento de vacinas; nunha actitude por parte de algunhas desas multinacionais que claramente responden a intereses de mercado.

Todo indica que non houbo preocupación por facer seguimento dos procesos de produción, de verificar si estaban funcionando, pola contra parece que se sentaron a agardar que chegaran as vacinas. Só houbo algunha reacción cando as propias farmacéuticas empezaron a informar de que a previsión de chegada e cantidade de doses non se ía realizar conforme ao previsto e acordado.

É sorprendente que cando o que está en xogo é a saúde e a vida de millóns de persoas, non se tivera unha posición proactiva, de verificación das instalacións destas empresas para ter a seguridade de que se puidera producir o número de doses que se precisan e no menor tempo posíbel.

Tampouco é entendíbel que só se estea producindo en tres países da Unión Europea, que non se teñan realizado actuacións para garantir o maior nivel de produción posíbel: en empresas con capacidade para facelo, adecuando fábricas existentes ou creando instalacións novas en aras de proceder a unha produción masiva.

A isto hai que engadir a negativa a negociar a adquisición de vacinas que non sexan de "territorio OTAN"; como exemplo as críticas por parte de responsábeis da UE a Rusia, non ter feito xestións con China que dispón de varias vacinas e de capacidade para fabricar ou a decisión de non liberar as patentes. Son só algúns exemplos que evidencias que unha vez máis a Unión Europea funciona en base a intereses que non son os da poboación, senón en base aos intereses das multinacionais e de grupos de presión.

CSV: REXISTROuMwqXDYot9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:14:04
Nº Rexistro: 13553
Data envío: 25/03/2021 13:14:04.626

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por contra outros estados, que se demostra que están preocupados pola saúde da súa poboación, teñen xa vacinado a un porcentaxe da súa poboación maior ao que temos nós porque decidiron buscar alí onde había vacinas, sen atender ás presións.

As administracións públicas teñen a obriga de responsabilizarse da saúde da súa poboación e non externalizar algo tan esencial deixando en mans de empresas privadas.

É escandalosa a opacidade coa que se está xestionando todo o referente ás diferentes vacinas. A hipocrisía da Unión Europea de parecer indignarse co incumprimento das farmacéuticas polo incumprimento da entrega do volume de doses, mentres por outra lado bloquea a adquisición doutras, ou a exención das patentes.

Na vez de laiarse da escaseza de vacinas, e de anunciar atrasos e máis atrasos o que hai que facer é activar todos os mecanismos para realizar a súa produción masiva.

Diante da pandemia mundial orixinada pola COVID-19 é preciso garantir que todas as  persoas teñan acceso aos produtos médicos, de protección, medicamentos e vacinas existentes para a loita contra a COVID-19, e salvar o máximo de vidas humanas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda, como resolución, a seguinte declaración de vontade:

1. Apoiar a exención dos Dereitos de Propiedade Intelectual relacionados co Comercio, proposta pola India e Sudáfrica e apoiada por máis de 100 países,

CSV: REXISTROuMwqXDYot9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:14:04
Nº Rexistro: 13553
Data envío: 25/03/2021 13:14:04.626

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

organizacións sociais e sindicatos, destinados a fármacos, vacinas, probas diagnósticas, tecnoloxía... relacionadas coa Covid-19, mentres dure a pandemia e até que se logre acadar a inmunidade de grupo a nivel mundial.

2. Esixir a non limitación de ningunha vacina que teña superado os preceptivos controis sanitarios e que se incorporen todas as que están aprobadas aos procesos de adquisición.

3. Instar ao Goberno galego a apoiar esta proposta para protexer o dereito das persoas á saúde e á vida, e a que inste neste sentido ao Goberno español e á Comisión Europea."

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
Deputadas do G.P. do BNG
**Olalla Rodil Fernández**
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2021 13:09:01**



CSV: REXISTROuMwqXDYot9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 25/03/2021 13:09:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2021 13:09:14**

CSV: REXISTROuMwqXDYot9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.5 13599(11/PNP-001325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector mar-industria-alimentario

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:33:10
Nº Rexistro: 13599
Data envío: 25/03/2021 17:33:10.523

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A vinculación de Galicia coa súa costa e o seu mar é ancestral, como o son as actividades económicas asociadas a eses ámbitos, existindo vestixios arqueolóxicos de actividade marisqueira e pesqueira desde os primeiros asentamentos humanos no noso territorio. A costa forma parte da nosa identidade, da nosa cultura, da nosa tradición e da nosa economía, sendo decenas de milleiros de postos de traballo os vinculados de xeito directo ou indirecto ó sector mar-industria-alimentario, líder a nivel internacional en moitos ámbitos (como a conserva) e cun peso no PIB da nosa comunidade sen parangón noutras CCAA, na medida en que Galicia é a comunidade autónoma con maior superficie costeira de España, ademais de desfrutar da singularidade xeográfica e ecolóxica das rías e da riqueza do noso mar, todo o cal fai que a economía asociada ó noso mar e á nosa costa teña unha riqueza e peculiaridade que a fan merecedora da máxima protección pública.

O marco lexislativo actualmente vixente no tocante ao noso sector mar-industria-alimentario está integrado, basicamente, pola Lei de costas, aprobada na súa última reforma polo Goberno de M. Rajoy no ano 2013, e o seu regulamento de desenvolvemento, do ano 2014. Así mesmo, tamén a Lei de patrimonio das administracións públicas de 2003 (da época do Goberno de José María Aznar), que sobre as concesións en espazos de dominio público indica o seguinte no seu artigo 93.3: “O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor”; unha lei que, por un principio de coherencia normativa e dado o seu carácter xeral, aplicable a todo o ámbito das concesión públicas, resulta obviamente aplicable no ámbito do dominio público marítimo- terrestre, operando como límite da normativa de costas. Ese prazo de 75 anos non afecta ás concesións de instalacións de acuicultura, xa que o prazo máximo para a actividade acuícola establecido no artigo 53 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, é de 10 anos e pódese estender por períodos de igual duración, non superando o total de 50 anos. O propio Regulamento de costas establece unha serie de criterios para a determinación da duración das concesións, tales como a “adecuación ó medio”, o

CSV: REXISTRONco5UmK8X6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posible "impacto paisaxístico" ou a "protección ecolóxica da interacción mar-terra" (art. 135).

No ano 2019, o Goberno do Estado decidía abordar un novo regulamento, ante a inseguridade xurídica e a ambigüidade de criterios producidas polo texto do ano 2014, que xa foran postos de manifesto pola Avogacía do Estado e polo Consello de Estado, pero despois da análise das alegacións e das conclusións dos grupos de traballo, tamén as presentadas pola Xunta de Galicia, o Ministerio de Transición Ecolóxica tomou a decisión de non proseguir coa tramitación do proxecto dun novo regulamento de costas, decisión na que foi tomada moi en conta a posición adoptada polo Partido Socialista de Galicia.

Coñecedor do problema asociado a que no ano 2018 vencían os 30 anos marcados pola Lei de costas como límite de moitas concesións e da inseguridade xurídica introducida pola reforma levada a cabo polo Goberno de M. Rajoy, dun xeito irresponsable o Goberno de Galicia e o partido que o sostén levan máis de dous anos dedicada á difusión tendenciosa de noticias falsas, empeñados en desinformar o sector e introducir confusión nun ámbito de por si suficientemente complexo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Considerar de carácter estratéxico e de máximo interese económico e cultural para Galicia o sector mar-industria-alimentario e, en consecuencia, darlle a máxima consideración e prioridade nas súas políticas presentes e futuras, incluídas as asociadas á reconstrución tras a pandemia que padecemos na actualidade.

2. Defender ante o Goberno de España e ante calquera instancia, incluída a UE, ese carácter estratéxico e peculiaridade do sector e da nosa costa, así como a necesidade de ter en conta en calquera política pública a especial relación co mar que presenta Galicia e, en consecuencia, a necesidade de facer compatibles a preservación do litoral, o medio ambiente e a paisaxe co mantemento dos postos de traballo e a actividade no borde litoral.

3. Defender que calquera modificación normativa que poda afectar particularmente ó sector, en especial calquera modificación da normativa de costas, se faga en diálogo aberto e fluído coas entidades

CSV: REXISTRONco5UmK8X6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:33:10
Nº Rexistro: 13599
Data envío: 25/03/2021 17:33:10.523

representativas, así como coas administracións locais e autonómica, acadando o máximo nivel de consenso posible.

4. Defender que a aplicación concreta da normativa presente e de calquera modificación normativa futura se faga tendo en conta a importancia, carácter estratéxico, especificidade, singularidade e peculiaridade da costa galega.

5. Deixar un ámbito económico tan importante como o sector mar-industria-alimentario fóra de calquera confrontación partidista e, polo tanto, informar veraz, transparente e obxectivamente de todo o que afecte a ese sector, evitando sementar dúbidas que poidan desincentivar o investimento e intranquilizar ás persoas e familias que dependen do mar en Galicia.

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/03/2021 17:32:02**

**Paloma Castro Rey na data 25/03/2021 17:32:21**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 25/03/2021 17:32:31**

CSV: REXISTRONco5UmK8X6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.6 13636(11/PNP-001332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19. (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 11:30:04
Nº Rexistro: 13636
Data envío: 26/03/2021 11:30:04.962

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Sanz Arias, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Verea Fraiz, José Manuel Balseiro Orol, Paula Prado del Río, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López** e **Encarna Amigo Díaz,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia.**

**Xustificación da urxencia**
A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

**Exposición de motivos**:

Despois dunha longa espera, o Consello de Ministros aprobou o pasado 12 de marzo un plan de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta a pandemia da covid-19. Desafortunadamente esta iniciativa chega tarde e conta cunha contía económica menor á esperada, pero ademais o Goberno central está a penalizar ás empresas e aos autónomos galegos xa que decidiu aplicar criterios de reparto diferentes aos habituais no sistema de financiamento ás Comunidades Autónomas, polo que Galicia recibirá ao redor de 110 millóns de euros menos.

Outra das eivas deste instrumento de apoio é que non inclúe a todos os sectores castigados pola pandemia. De feito, a modo de exemplo, cómpre citar que no anexo I do Real Decreto Lei 5/2021 no están recollidos como posibles beneficiarios das axudas actividades como o sector pesqueiro, a elaboración de viños e cervexas, a fabricación de estruturas e pezas de madeira e mobles, o sector contract, os concesionarios e os talleres de vehículos, as estacións de servizo, os salón de peiteado e estética, as librarías, as florerías, as ortopedias, as ópticas, as xugueiras, as tendas de souveniers ou de segunda mano, os establecementos de artigos deportivos, os centros de ensino, as autoescolas ou os servizos de catering, entre outras.

En consecuencia, o Goberno central está a incumprir o expresado na propia exposición de motivos destes apoios onde se indica que o obxecto desta iniciativa é poñer en marcha axudas directas ás empresas e autónomos cuxa actividade viuse máis negativamente afectada pola pandemia.

CSV: REXISTROxvCBoMn8u4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

grupo parlamentario popular de galicia

En palabras da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, Nadia Calviño, logo das críticas recibidas, asegurou que estarían dispostos a estudar a incorporación de novas actividades, sempre que se trate de inxectar diñeiro público nas empresas que máis o precisen e, polo tanto, hai unha oportunidade para corrixir esta exclusión. Por lóxica, para que sexa unha medida efectiva, a incorporación de novas actividades debería traer aparellado un incremento do orzamento.

O Grupo Popular de Galicia, logo de escoitar aos representantes de empresarios e autónomos da nosa Comunidade, esixe que todas os sectores e actividades económicas afectadas pola pandemia da covid-19 poidan acceder a estas axudas directas para garantir a súa supervivencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

1) Máxima urxencia na tramitación e sinatura do convenio coa Xunta de Galicia para a transferencia de fondos derivado do *Real Decreto-ley 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoyo a la solvencia empresarial en respuesta a la pandemia de la COVID-19,* para unha maior axilidade e eficiencia das axudas.

2) Modificación dos criterios de reparto para que non penalice na distribución dos fondos á Comunidade galega, achegando, conforme ao sistema de financiación autonómica e á porcentaxe de persoas traballadoras autónomas existentes en Galicia, un mínimo de 340 millóns de euros.

3) Ampliar os CNAES previstos no *Real Decreto-ley 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoyo a la solvencia empresarial en respuesta a la pandemia de la COVID-19* a outras actividades non incluídas e que pertencen a sectores moi afectados polo impacto da covid-19.

4) Reconsiderar os requisitos de xustificación de gasto previstos no *Real Decreto-ley 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoyo a la solvencia empresarial en respuesta a la pandemia de la COVID-19,* por tratarse dunha norma que regula axudas directas ás empresas e aos profesionais que deben chegar coa maior celeridade posible.

CSV: REXISTROxvCBoMn8u4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 11:30:04
Nº Rexistro: 13636
Data envío: 26/03/2021 11:30:04.962

grupo parlamentario popular de galicia

5) Revisar o criterio de exclusión das axudas a aquelas empresas que conten cun resultado negativo dun só ano, no exercicio de 2019, así como o que este criterio sexa incondicionado, sen ter en conta outros parámetros".

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTROxvCBoMn8u4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2021 11:30:04
Nº Rexistro: 13636
Data envío: 26/03/2021 11:30:04.962

grupo parlamentario popular de galicia

**Pedro Puy Fraga na data 26/03/2021 11:25:06**

**Cristina Sanz Arias na data 26/03/2021 11:25:32**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/03/2021 11:25:50**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 26/03/2021 11:26:18**

**José Antonio Armada Pérez na data 26/03/2021 11:26:32**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 26/03/2021 11:26:47**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 26/03/2021 11:26:58**

**Borja Verea Fraiz na data 26/03/2021 11:27:15**

**José Manuel Balseiro Orol na data 26/03/2021 11:27:33**

**Paula Prado del Río na data 26/03/2021 11:27:47**

**María Elena Candia López na data 26/03/2021 11:28:09**

**José Alberto Pazos Couñago na data 26/03/2021 11:28:28**

**María Corina Porro Martínez na data 26/03/2021 11:28:39**

**Noelia Pérez López na data 26/03/2021 11:28:52**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 26/03/2021 11:29:07**

CSV: REXISTROxvCBoMn8u4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 13127(11/INT-000747)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co acoso escolar

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:20
Nº Rexistro: 13127
Data envío: 18/03/2021 13:17:20.038

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o acoso escolar na comunidade educativa galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dan Olweus, psicólogo sueco-noruegués pioneiro mundial na investigación sobre o acoso escolar definiu nos anos 90 este fenómeno como: *Unha conduta de persecución física e ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que escolle como vítima de repetidos ataques. Esta acción negativa e intencionada, sitúa á vítima en posicións das que dificilmente pode saír polos seus propios medios. (1995)*

*Trátase dun tipo de conduta dirixida a facer dano; é repetida no tempo; e prodúcese no seo dunha relación interpersoal caracterizada por un desequilibrio de poder.(1997)*

*Foron moitas dende entón as definición e matizacións sobre este concepto, ampliando o seu contido e suscitando debates fondos sobre a terminoloxía a empregar para describir esta realidade en toda a súa dimensión; resultando a día de hoxe como termos recorrentes os de "bullying" e"acoso escolar".*

*Alén de debates terminolóxicos e achegas sobre o alcance do termo, o terríbel drama que se agocha por tras desta realidade foi sinalado na Lei 4/2011, do 30 de*

CSV: REXISTRObvvmJRRA69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:20
Nº Rexistro: 13127
Data envío: 18/03/2021 13:17:20.038

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa como: "calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar"*

Estamos pois ante un fenómeno que a ninguén resulta alleo; nin á sociedade en xeral, nin moito menos á comunidade educativa. Un fenómeno transversal dende a súa perspectiva social que ten gravísimas implicacións a efectos de sufrimento na nosa mocidade. Unha realidade dramática que ninguén que aspire a construír unha sociedade xusta pode obviar.

As consecuencias deste sufrimento que afecta a milleiros de nenos día tras día son múltiples, tanto no ámbito persoal e relacional como nas secuelas que deixa na evolución e crecemento psicolóxico das nenas e nenos. Secuelas que chegan a ter consecuencias fatais nos casos máis graves, mais que sen chegar a eses extremos; forma parte e demasiadas ocasións do día a día de milleiros de nenas e nenos, mozas e mozos que padecen o acoso escolar a través de violencia física, insultos, vexacións, máis tamén a través da violencia psicolóxica ou dixital. Mozas e mozos, que constitúen o futuro da nosa sociedade e que van ao colexio con medo e en silencio, as máis das veces, un día tras doutro.

Esta realidade, e o tratamento que como sociedade e administracións estamos a facer da mesma foi denunciada hai poucos meses no informe *Hacer la vista... ¡gorda!: EL ACOSO ESCOLAR EN ESPAÑA, UN ASUNTO DE DERECHOS HUMANOS* (2019) de Amnistía Internacional.



CSV: REXISTRObvvmJRRA69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:20
Nº Rexistro: 13127
Data envío: 18/03/2021 13:17:20.038

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un documento de imprescindíbel lectura, que centra boa parte do seu traballo de campo en Galiza e que aborda con fondura e dende unha perspectiva tremendamente critica as carencias da resposta que coma administracións educativas e coma sociedade lle estamos a dar ao drama que sofren tantos das nosas nenas e nenos cada día.

Algunhas das reflexións que se recollen nas conclusións deste informe son as seguintes:

✓ *Non se están implementando as medidas, quedan importantes lagoas por cubrir se se quere garantir que se respecten e protexen os dereitos de nenas e nenos nos centros educativos. . O acoso escolar é un problema social que afecta á capacidade do neno e a nena para gozar dos seus dereitos humanos. O acoso escolar non é un problema dun centro ou doutro (...) fai falla moito máis para garantir que todos os nenos desenvolvan plenamente o seu potencial e gocen dos seus dereitos.*

✓ *As autoridades non están adoptando todas as medidas necesarias para protexer a nenos e nenas , previr o acoso escolar e facilitar que se informe de todas as queixas e denuncias.*

✓ *As formas non físicas de acoso, como os insultos, ou a exclusión social, adoitan pasar desapercibidas e non se documentan nas canles oficiais.*

É evidente que as conclusións deste informe, deberían levar a calquera sociedade sensíbel cos dereitos da infancia a unha reflexión fonda sobre a nosa actuación.

A día de hoxe, alén da normativa de ámbito estatal que se indicaba anteriormente, en Galiza temos como lexislación de referencia para a prevención do tratamento escolar a xa sinalada *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e*

CSV: REXISTRObvvmURRA69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*participación da comunidade educativa* que se desenvolve a través *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*.

Destas dous textos resultaron iniciativas como **E*stratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 na que se desenvolve o protocolo para a prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*** ou o ***Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.***

Mais se en algo coinciden os informes de organizacións que traballan neste eido, así como docentes, psicólogos, ANPAs, educadores sociais, etc.  é que esta lexislación ( e os documentos resultantes da mesma) son absolutamente insuficientes; cando non abertamente litúrxicos, para abordar o drama do acoso nos nosos días, e que leva en demasiadas ocasións a que as nosas nenas e nenos (e as súas familias) se atopen en situacións de desamparo que non nos podemos permitir.

Porque as análises dende o sector destes documentos legais poñen de manifesto eivas importantes que compre solucionar. Eivas que (sen pretender esta iniciativa reflectir esa análise exhaustiva dos textos) obsérvanse evidentes en feitos tan ilustrativos como que o *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* non contemple un capítulo específico para abordar o acoso escolar (como si se establece, de xeito vago, na lei 4/2011 que este decreto desenvolve).

Mais tamén cando observamos que por exemplo no *Protocolo para a prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso,* documento que os axentes implicados cualifican como "ambiguo e falto de concreción" se establece literalmente *"este protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar ten* ***un***



CSV: REXISTRObvvmJRRA69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:20
Nº Rexistro: 13127
Data envío: 18/03/2021 13:17:20.038

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

***carácter básico****, sen prexuízo de que cada centro educativo poida adaptalo ou amplialo en función do seu contexto ou das peculiaridades do caso. Trátase, pois, d****un protocolo base que necesita ser contextualizado ou adaptado ao centro e ao seu contorno****". R*ecoñecéndose pois no propio documento a carencia que denuncia AI: que se delega boa parte da responsabilidade nos centros, que non contan nin cos recursos nin coa formación, nin co persoal necesario.

Pero tamén observamos outras eivas evidentes como que nas funcións xerais que o decreto 8/2015 outorga ao *Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia* non apareza a palabra acoso de xeito específico por ningures.

O acoso escolar constitúe hoxe por hoxe unha metástase silenciosa que avanza polos centros de ensino sen que a comunidade educativa teña ferramentas áxiles para contelo. E a proba máis evidente desta falta de ferramentas son as incongruencias que atopamos nos datos publicados (escasos e sen trazar) ao respecto.

O informe da Unesco sobre violencia e acoso escolar do ano 2019 sinala que 1 de cada 3 nenos sofre acoso escolar ao longo da súa vida.

Por outra banda, o Informe da Estratexia Galega de Convivencia Escolar da Xunta de Galiza, sinala que o 21.8 % dos nenos recoñece ter sufrido acoso algunha vez na súa vida. Datos que supoñen unha contradición evidente con outros resultados do informe.

Pero o grave máis grave de todo isto é que non existe a posibilidade de trazar os datos de acoso escolar, agás naqueles casos nos que de maior gravidade, e por iso non contamos cunha radiografía fiábel sobre o impacto do acoso escolar na nosa sociedade. E por iso que segundo os últimos datos do *Ministerio de Educación Cultura e Deporte* do ano 2017; observamos como tan so hai recoñecidos 71 casos de acoso escolar en



CSV: REXISTRObvvmJRRA69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:20
Nº Rexistro: 13127
Data envío: 18/03/2021 13:17:20.038

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza. Reflexionemos: 1 de cada 3 casos segundo a Unesco, o 21,8 % segundo a Estratexia de Convivencia.... 71 casos nun ano segundo o Ministerio. Esta realidade fala por si soa.

Porque estes datos evidencian por unha banda contradicións no impacto do acoso escolar que non veñen senón a demostrar que como sociedade estamos fallando na prevención e tratamento do bullying, máis pola outra que temos miles de neno sufrindo este drama sós e en silencio.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Vai a Xunta de Galiza crear unha mesa de traballo con representación do profesorado, Anpas, portavoces de educación do grupos parlamentares, orientadores, educadores sociais, psicólogos e outros axentes implicados na loita contra o acoso escolar para abordar unha Nova Estratexia Galega contra o acoso escolar que afronte o problema en toda a súa dimensión?

. Vai a Xunta de Galiza implementar medidas contra o acoso como o reforzo de persoal e recursos dos centros, crear unha rede de equipos de orientación, unha unidade especializada da Consellaría de educación, plans de formación neste eido ou campañas de sensibilización?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**



CSV: REXISTRObvvmJRRA69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:20
Nº Rexistro: 13127
Data envío: 18/03/2021 13:17:20.038

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/03/2021 13:11:49**

**Mercedes Queixas Zas na data 18/03/2021 13:11:52**

**Daniel Castro García na data 18/03/2021 13:12:00**

CSV: REXISTRObvvmJRRA69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 13205(11/INT-000749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13205
Data envío: 18/03/2021 16:04:15.825

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Carmen Aira Díaz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre o "efecto chamada" da anunciada moratoria transitoria de novas plantacións co xénero Eucalyptus.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o debate parlamentar da Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza no Pleno do Parlamento de Galiza o conselleiro de Medio Rural fixo o anuncio sorpresa dunha moratoria de novas plantacións de Eucalipto no país. Unha moratoria que ficaría restrinxida a zonas nas que a día de hoxe non teñan xa unha superficie de eucaliptal (sexa ou non degradado) sexa pura ou mixta (a partir do 50% do total da plantación).

Ese anuncio, como o BNG sinalou no seu momento, rachaba directamente co documento que se estaba a tramitar nese momento (o Plan Forestal) que prevé (e así se aprobou) un aumento de até o 3% da superficie actual de eucalipto de aquí a cinco anos (no primeiro quinquenio de "ordenación" do PF).

Este feito supón, antes que nada, un despropósito do punto de vista legal xa que confronta directamente o Plan Forestal recentemente aprobado no Parlamento coas directrices que se pretenden dar, a través dunha disposición transitoria, na nova Lei de Recuperación de Terra Agraria. Queda así o país nunha inseguridade xurídica evidente no que ten a ver coa xestión de masas forestais e nomeadamente das superficies eucaliptais.

CSV: REXISTRO0pZz5JJGo0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13205
Data envío: 18/03/2021 16:04:15.825

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde ese momento tres versións se teñen dado xa desde o grupo parlamentar do Partido Popular e desde a propia Consellaría do Medio Rural en relación a cales serían as condicións desa moratoria: o anuncio en Pleno do conselleiro sinalaba unha moratoria "até a publicación do Inventario Forestal Continuo Galego". A segunda versión, publicada en nota de prensa da Consellaría do Medio Rural ao día seguinte refería unha moratoria "até que se acadase un consenso maior no sector" e a terceira versión, incluída no listado de emendas do Partido Popular á proposición de Lei de Recuperación de Terra Agraria refírea "Con carácter transitorio, até o 31 de decembro de 2025".

De novo, atopamos nesta cuestión un premeditado traballo de confusión na norma que incide na inseguridade dos propietarios para planificar unha xestión correcta dos seus montes.

Esta situación de inseguridade está a provocar un efecto chamada e unha axilización de novas plantacións de eucalipto de propietarios forestais que temen que a aprobación desta nova norma impida plantacións de eucalipto nas súas parcelas.

Ao tempo, semella que se está a producir un aumento de plantacións ilegais en zonas nas que xa non se podía plantar eucalipto como parcelas de frondosas, en espazos naturais protexidos ou incluso en terras agrarias sen que detectemos unha intensificación das tarefas de control e seguimento destas plantacións ilegais por parte da Xunta e un reforzo dos recursos para tal fin co gallo de facer cumprir a legalidade e reclamar unha reposición da mesma nas parcelas forestadas ilegalmente.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:



CSV: REXISTRO0pZz5JJGo0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13205
Data envío: 18/03/2021 16:04:15.825

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que o anuncio feito polo conselleiro do Medio Rural no debate parlamentar sobre o Plan Forestal acerca dunha moratoria para novas plantacións de eucalipto está a provocar algún tipo de "efecto chamada"?

. Está a Xunta a tomar medidas de control para que esas plantacións ilegais non se produzan?

. Cónstalle á Xunta de Galiza que se estean a realizar plantacións en zonas agrarias, zonas protexidas ou zonas até agora ocupadas por frondosas?

. Que medidas ten pensado aplicar a Xunta para que se repoña a legalidade nos casos mencionados?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **María González Albert**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Carmen Aira Díaz**
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 18/03/2021 16:02:47**

CSV: REXISTRO0pZz5JJGo0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13205
Data envío: 18/03/2021 16:04:15.825

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/03/2021 16:02:50**

**María González Albert  na data 18/03/2021 16:02:57**

CSV: REXISTRO0pZz5JJGo0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.3 13407(11/INT-000758)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego en relación co encaixe no marco legal do Estado da modificación da Lei 8/2008, de saúde de Galicia

*Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13407
Data envío: 22/03/2021 16:22:48.717

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A aprobación no mes de febreiro da modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia no Parlamento, co voto en solitario do Partido Popular e sen ningún diálogo coa oposición parlamentaria, supuxo unha alteración da situación normativa para afrontar situacións con potenciais perigos en saúde pública que pretendía outorgar ao Goberno autonómico competencias e posibilidades que foron discutidas dende o punto de vista da súa viabilidade no conxunto do Estado. Esta posición foi reafirmada pola petición do Goberno de España ao Consello de Estado dun informe sobre a súa viabilidade constitucional.

A situación na que se atopa agora a situación legal e normativa de Galicia é inestable, xa que ten aprobada unha normativa que entrou en vigor pero que está en entredito. As perspectivas de poder aplicarse son débiles: en primeiro lugar porque durante a propia tramitación da normativa o propio Goberno de Galicia e o partido que o sustenta pareceron ir asumindo a idea de que os cambios provocados non eran necesarios e non afrontaban a realidade da pandemia e as necesidades dende o punto de vista sanitario; en segundo lugar porque será difícil aplicar nunha normativa tan sinalada e con aparentes lagoas na súa futurible validez.

Á vista da situación, parece necesario reformular a normativa, aplicando criterios sensatos sobre as necesidades reais para afrontar a pandemia e evitar situar á lexislación galega nun limbo inestable para a súa aplicación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia rectificar a súa modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia para que teña viabilidade dentro do marco legal do Estado?

CSV: REXISTROu9euSNaDj9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. Que aspectos da citada modificación da lei considera a Xunta de Galicia que son susceptibles de ser rectificados para poder dotala de posible encaixe legal no marco legal do Estado?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/03/2021 16:18:33**

**Marina Ortega Otero na data 22/03/2021 16:18:40**

CSV: REXISTROu9euSNaDj9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.     Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 13834(11/POPX-000025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a posición do Goberno galego respecto do acordo dun plan de reforzo do sistema de vacinación de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 18:26:08
Nº Rexistro: 13834
Data envío: 05/04/2021 18:26:08.455

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Míguez, portavoz** do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. Presidente, acepta vostede acordar un plan de reforzo do sistema de vacinación de Galicia despois das eivas detectadas no primeiro trimestre de 2021?

Pazo do Parlamento, 05 de abril de 2020

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 05/04/2021 18:21:28**

CSV: REXISTRO6abdOWxR55
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2 13835(11/POPX-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a contribución concreta que fai á defensa dos intereses de Galicia a posición do Goberno galego diante do Goberno central

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 18:27:54
Nº Rexistro: 13835
Data envío: 05/04/2021 18:27:54.872

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

**PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Señor Feijóo, pode concretar que aporta á defensa dos intereses de Galiza a súa posición ante o Goberno do Estado?*

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2021 18:22:23**

CSV: REXISTROqmo5gFLCu9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.1 12701(11/POP-001753)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a distancia mínima entre os muíños e as vivendas reflectida no proxecto eólico promovido pola empresa Green Capital Power en Troitomil, no concellos da Baña e Negreira

*Publicación da iniciativa, 115, 24.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 13:59:22
Nº Rexistro: 12701
Data envío: 12/03/2021 13:59:22.011

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O día 19 de febreiro de 2021 publicouse no DOG, a exposición pública da documentación dun parque eólico en Troitomil nos concellos da Baña e Negreira, promovido pola empresa *Green Capital Power*, este novo proxecto fai que aumente a preocupación polo elevado número de parques eólicos, previstos nos concellos da Baña e Negreira, xa que unido aos que xa existen e aos planificados pola mesma empresa en Vilartoxo e Barrosino na Baña e os de Alvite I e II e Banzas en Negreira, faría que estes dous concellos serían dos municipios de Galicia cun maior número de parques eólicos, o que ten moi preocupados aos alcaldes da Baña e Negreira, polos inconvenientes que xera este tipo de instalacións na calidade de vida da súa cidadanía e aos sectores primarios desta comarca, e todo por instalacións que apenas deixarán beneficios económicos entre propietarios e concellos.

Cabe destacar a forma descarada que estas empresas utilizan para fraccionar en pequenos parques eólicos, proxectos como os antes enunciados e outros nos concellos lindeiros como os de Val do Dubra, Outes e Mazaricos, que constitúen ao final unha única explotación, pero que se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW, que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental a faga o Estado, o que pode ser unha clara vulneración da lexislación vixente.

O impacto medioambiental deste parque eólico de Troitomil agrávase dada a proximidade dos muíños de xeración de enerxía eólica aos núcleos habitados. Para a cidadanía da Baña e o seu alcalde é de especial preocupación a insuficiente distancia mínima ás vivendas que a lexislación establece (500 m), que fai que os enormes muíños de nova xeración (máis de 200 m), queden moi próximos ás vivendas, o que provocará grandes molestias polos ruídos, interferencias (TV, radio, telefonía móbil).

Por outra banda, o mundo rural está a soportar en exclusiva os custos ambientais e patrimoniais deste sector enerxético e dende o punto de vista económico, a terra onde vai asentado o parque de Troitomil é dun gran valor forestal e gandeiro e os bañenses afectados non se benefician dunha maneira xusta da presenza deste

CSV: REXISTRO0f0n5a10m8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 13:59:22
Nº Rexistro: 12701
Data envío: 12/03/2021 13:59:22.011

parque nos seus territorios, algo que pasa tamén coas captacións de augas ou afeccións patrimoniais en Banzas no concello de Negreira

É preocupante que os propietarios dos terreos directamente afectados reciban unha compensación insuficiente, mentres que o resto da veciñanza que soporta os inconvenientes ambientais non perciban ningún tipo de beneficio económico e o que reciben os concellos por vía do canon e das convocatorias do fondo de compensación ambiental é residual e pouco obxectiva.

Esta preocupación foi posta de manifesto polo alcalde da Baña, que dende finais de decembro de 2020 solicitou reunirse co vicepresidente 2º de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, e despois de non ter resposta tamén solicitou reunión a principios deste mes de marzo co Xefe de Servizo de Enerxia e Minas, sen ter contestación ata este momento, o alcalde José Antonio Pereira tamén lle pediu ao Goberno galego que paralizara este proxecto ata ter garantías para a súa veciñanza.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que opina o Goberno galego sobre a distancia mínima dende os muíños ás vivendas, establecida por lei a 500 metros, cando os muíños pasaron dunha altura de 50 a 200 metros?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García  na data 12/03/2021 12:48:33**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 12/03/2021 12:48:47**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 12/03/2021 12:48:57**

CSV: REXISTRO0f0n5a10m8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.2 12747(11/POP-001759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a necesidade de realizar un estudo e unha avaliación conxunta do impacto da construción de vinte e catro parques eólicos nos hábitats e especies de interese comunitario da serra do Suído e Alto Tea

*Publicación da iniciativa, 115, 24.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 11:19:49
Nº Rexistro: 12747
Data envío: 15/03/2021 11:19:49.790

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012 publicouse o "Inventario de Hábitats e Especies de Interese Comunitario no espazo natural Serro do Suído-Alto Tea". Este estudo, asinado por Santiago Barciela e Ignacio Munilla, elaborouse ao abeiro do convenio asinado polo concello de Covelo e a USC (Rexistro de actividades de i+D: 2011/CP019) e foi financiado pola Red + Biodiversidad 2010 da FEMP, dentro do proxecto "Accións de incremento da biodiversidade na serra do Suído e río Alén", premiado pola FEMP.

Este estudo permitiu inventariar e estudar os hábitats e especies de interese comunitario e de interese prioritario da serra do Suído e Alto Tea, así como o seu estado de conservación e as alteracións sufridas nos últimos anos como consecuencia de repoboacións forestais, incendios, obras de drenaxes, construción de pistas e gabias, e canalizacións de parques eólicos.

O inventario recolle información sobre os hábitats, comunidades e especies de interese europeo e interese prioritario:

- 53 formacións de turbeiras que ocupan unha superficie de 80,8 ha

CSV: REXISTROfjPS1qmON6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 11:19:49
Nº Rexistro: 12747
Data envío: 15/03/2021 11:19:49.790

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 17 bosques con un total de 2.192 ha, dos cales o 93% (2.042 ha) encádrase nalgunha das categorías da Directiva Hábitat, a maioría, (1.894 ha) son "carballeiras galaico portuguesas de quercus robur e quercus pyrenaica", hábitat 9230.

- 26 superficies de matogueira higrófila, con unha extensión de 437,5ha

- 22 prados de sega de baixa altitude que suman 542, 5 ha

- Comunidades de flora: plantas vasculares de turbeiras e bosques

- Comunidades de vertebrados: Aves de hábitats abertos, aves de agrosistemas, anfibios de turbeiras

- Especies de flora vascular de interese, que inclúe 16 taxóns, 9 dos cales están protexidos por normativa de ámbito europeo, estatal ou galega. Catro especies están incluídas na Lista vermella da flora vascular española

- Especies de vertebrados: 59 especies protexidas pola normativa comunitaria, estatal ou galega.

Nas conclusións do estudo (páx. 115) sinálase o seguinte:

"Integración na Rede Natura 2000 de Galiza: trataríase de asumir e desenvolver a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galiza do ano 2007. Ademais é necesario asegurar a conexión polo norte co LIC O Cando, a través dos bosques e prados das Raíces, e a protección do nacemento do río Tea na serra do Faro de Avión. En conxunto, a área proposta

1) Posúe suficientes elementos ecolóxicos valiosos, especialmente en canto á presenza e extensión de hábitats de interese comunitario, como para constituír unha Zona de Especial Conservación (ZEC) ao abeiro da Rede Natura.



CSV: REXISTROfjPS1qmON6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2) Constitúe un corredor de conexión natural entre os espazos naturais de fondo de val (concas dos ríos Tea e Oitavén-Verdudo) e os valiosos ecosistemas de media montaña representados nas serras do Suído, Faro de Avión e Coto de Eira".

No ámbito do citado estudo están en tramitación 24 parques eólicos, polo que se prevén importantes impactos na fase de construción pola apertura de centos de km de pistas e gabias de canalización de augas, centos de km de canalizacións soterradas, movementos e explanacións de terras para a instalación de aeroxeradores, subestacións e estacións meteorolóxicas, e construción de infraestruturas de transporte de enerxía. A estas afeccións hai que engadir as derivadas da posta en funcionamento dunha cantidade tan elevada de aeroxeradores e infraestruturas asociadas, o que pode derivar en consecuencias irreversíbeis para espazos e especies protexidas pola normativa comunitaria, estatal e galega.

A Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade establece a obriga de protección e conservación de hábitats e especies de interese comunitario. O artigo 46. Espazos naturais sometidos ao réxime de protección preventiva establece o seguinte:

*"1.Cando da información de que dispoña a administración autonomía se deduza a existencia dunha zona ben conservada ameazada de maneira significativa por un factor de perturbación que poida alterar tal estado, a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural adoptará as medidas necesarias para eliminar ou reducir o factor de perturbación ou promoverá a súa adopción por parte da administración competente.*

*2. No caso de que non sexa posíbel a eliminación ou a redución do factor de perturbación, establecerase mediante unha orde da persoa titular da consellaría*

CSV: REXISTROfjPS1qmON6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*competente en materia de conservación do patrimonio natural un réxime de protección preventiva consistente:*

*a) na obriga das persoas titulares dos terreos de facilitaren a información e o acceso ao persoal que, consonte o disposto no artigo 116, teña encomendadas as funcións de custodia dos recursos naturais*

*b) no inicio de inmediato do procedemento de declaración do espazo natural protexido ou do procedemento de aprobación do instrumento de planificación que corresponda, e*

*c) nas medidas que garantan o bo estado de conservación do espazo.*

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera necesario o goberno galego realizar un estudo e unha avaliación conxunta do impacto da construción de 24 parques eólicos nos hábitats e especies de interese comunitario e de interese prioritario da serra do Suído e do Alto Tea?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Manuel Lourenzo Sobral**
**Alexandra Fernández Gómez**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: REXISTROfjPS1qmON6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 11:19:49
Nº Rexistro: 12747
Data envío: 15/03/2021 11:19:49.790

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2021 11:15:48**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/03/2021 11:15:53**

**Alexandra Fernández Gómez na data 15/03/2021 11:16:01**

CSV: REXISTROfjPS1qmON6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.3 13803(11/PUP-000169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao impulso dun gran acordo de país respecto dos fondos Next Generation baseado na transparencia e no diálogo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 16:35:46
Nº Rexistro: 13803
Data envío: 05/04/2021 16:35:46.504

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Carlos Francisco Rivera,** deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta urxente oral en Pleno.**

**Xustificación da urxencia:**

**Xustificase a urxencia na transcendencia da participación de Galicia nos fondos Next Generation e no avance do calendario asociado á súa tramitación**

O pasado día 25 de marzo o presidente da Xunta, rodeado da totalidade dos conselleiros do seu Goberno, anunciou que dera "luz verde" a 354 proxectos para os Fondos Next Generation, por un importe de 20.000 millóns de euros, dos cales 107 estarían respaldados por algún tipo de iniciativa empresarial e o resto serían do ámbito administrativo.

Nesa rolda de prensa non se aclarou en que consisten eses proxectos nin que empresas están detrás dos mesmos, en liña coa opacidade mantida ata o momento nun asunto de tanta importancia para o futuro de Galicia.

Polo exposto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia a propiciar un gran acordo de país sobre os fondos Next Generation baseado na transparencia e no diálogo deixando atrás a opacidade mantida ata o momento?

Pazo do Parlamento, 08 de abril de 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTROuzM4vZbHb2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Juan Carlos Francisco Rivera  na data 05/04/2021 16:02:19**

CSV: REXISTROuzM4vZbHb2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.4 12779(11/POP-001765)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

*Publicación da iniciativa, 115, 24.03.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 13:49:12
Nº Rexistro: 12779
Data envío: 15/03/2021 13:49:12.833

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, aprobado o 13 de xaneiro de 2011, estableceu uns obxectivos para impulsar a xestión de residuos domésticos en Galicia cara un escenario máis sostible.

Posteriormente, coa publicación da Lei estatal 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e a posterior aprobación do Plan Estatal Marco de Residuos 2016-2022 (PEMAR) o 6 de novembro de 2015, as comunidades autónomas tiveron que adaptar os seus plans.

Galicia no mes de decembro actualizou o seu PXRURG establecendo novos obxectivos en materia de reciclado e preparación para a reutilización, en cumprimento das obrigas comunitarias en materia de planificación recollidas na Directiva 2008/98/CE Marco de Residuos, e ampliou a vixencia do plan ata 2022.

Entre estes obxectivos atopábanse con carácter cualitativo a prevención e o reciclado e reforzar o principio de xerarquía nas opcións de xestión de residuos.

E con carácter cuantitativo, antes de 2020, a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado para as fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos ou outras fraccións reciclables deberá alcanzar en conxunto, como mínimo, o 50 % en peso.

Así, a partir da bolsa tipo de Galicia, a previsión das cantidades que se deberían destinar a preparación para a reutilización e reciclado en 2020 para a materia orgánica , a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización tiña que ser de 245.261 toneladas.

CSV: REXISTROHaVteQjf94
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 13:49:12
Nº Rexistro: 12779
Data envío: 15/03/2021 13:49:12.833

A Plataforma Galega de Información Ambiental, Gaia, indica que no ano 2019, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización foi de 46.095 toneladas, cantidade moi lonxe dos obxectivos marcados.

Por outra banda, estableceuse tamén un esquema de desenvolvemento temporal do plan, que contemplaba 3 fases temporais (Inicio do Plan 2010-2013, Primeira Fase de Consolidación 2014-2017, e Segunda Fase de Consolidación 2018-2020), e unha Fase Final de Avaliación, que se prolongará durante os anos 2021 e 2022. Cuxos obxectivos están tamén moi lonxe de ser cumpridos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que nestes 10 anos non cumpriu os obxectivos marcados no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTROHaVteQjf94
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 15/03/2021 13:32:36**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 13:49:12
Nº Rexistro: 12779
Data envío: 15/03/2021 13:49:12.833

**Pablo Arangüena Fernández na data 15/03/2021 13:32:48**

**Patricia Otero Rodríguez na data 15/03/2021 13:33:01**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2021 13:33:11**

CSV: REXISTROHaVteQjf94
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.5 11535(11/POP-001684)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e 7 máis

Sobre os proxectos que vai acometer o Goberno galego para mellorar o saneamento de Vilagarcía de Arousa e apoiar o Concello no desenvolvemento das súas competencias municipais na materia

*Publicación da iniciativa, 101, 24.02.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 11535
Data envío: 22/02/2021 14:02:17.695

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Elena Súarez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno polo trámite de urxencia.**

**Xustificación da urxencia:**

A urxencia ven motivada por coñecer en sede parlamentaria o posicionamento do goberno galego nun tema anunciado recentemente.

É de sobra coñecida a implicación técnica e económica da Xunta de Galicia na dotación e mellora dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración dos concellos galegos, a pesar de que esta é unha competencia de ámbito municipal.

Neste contexto, o Goberno galego anunciou recentemente a execución de varios proxectos destinados a mellorar a rede de saneamento e o sistema de depuración no concello de Vilagarcía de Arousa por importe de 33 millóns de euros.

Estas melloras forman parte dun programa de actuación máis amplo que o Goberno galego vén desenvolvemento nos últimos anos co obxectivo último de acadar o saneamento integral da ría de Arousa e que ten suposto xa importantes investimentos por parte da Administración autonómica.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes pregunta oral en pleno:

1. Que proxectos ten previsto acometer o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o saneamento e apoiar ao Concello de Villagarcía de Arousa no desenvolvemento das súas competencias municipais de saneamento e depuración?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTROmjc0XKvGQ8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 11535
Data envío: 22/02/2021 14:02:17.695

grupo parlamentario popular de galicia

Santiago de Compostela,  a 22 de Febreiro 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 22/02/2021 13:51:34**

**Diego Calvo Pouso na data 22/02/2021 13:51:46**

**Ramón Carballo Páez na data 22/02/2021 13:52:06**

**Carmen María Pomar Tojo na data 22/02/2021 13:52:19**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 22/02/2021 13:52:30**

**María Sol Díaz Mouteira  na data 22/02/2021 13:52:45**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 22/02/2021 13:54:18**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2021 13:54:31**

CSV: REXISTROmjc0XKvGQ8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.6    13816(11/PUP-000171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a xestión que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa venda de terreos do porto da Coruña

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 17:40:52
Nº Rexistro: 13816
Data envío: 05/04/2021 17:40:52.850

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada polas últimas noticias que poñen de manifesto a disposición por parte da Xunta de incumprir o acordo parlamentar sobre os terreos do Porto da Coruña aprobado por unanimidade no último Pleno do Parlamento galego.

**Exposición de motivos**

O Porto da Coruña está inmerso nunha regresión económica continuada, sen precedentes, durante a última década, que constata a redución da participación do Porto da Coruña no conxunto dos portos do Estado; mentres que os tráficos portuarios coruñeses decrecen nun -11,5%, en España aumentan nun +20,7%.

Unha situación que denota a falta de capacidade de atracción para un porto que está en condicións de continuar a ser un importante motor económico para a cidade a comarca se atende a unha xestión diferente, capaz de se adecuar ás necesidades actuais e de anticipación ao futuro, corrixindo os erros do plan de actuación que o trouxeron até aquí e sobre os que deberían esixirse responsabilidades.

CSV: REXISTROMKDm8nlx17
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2021 17:40:52
Nº Rexistro: 13816
Data envío: 05/04/2021 17:40:52.850

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Porto da Coruña, como porto de interese do Estado, require un plan estratéxico que contribúa a se recuperar como un emprazamento óptimo para acoller unha ampla diversidade de escalas e tráfico comercial nacional e internacional.

No entanto, o retrato actual do Porto da Coruña que está a condicionar severamente a súa funcionalidade é ter contraída unha débeda acumulada de 302 millóns de euros (dos que 200 son con Portos do Estado).

A recente celebración da cimeira interadministrativa do porto da Coruña foi unha boa nova que veu reconducir unha anormalidade democrática e institucional.

Con todo, desde o BNG a valoración foi de decepción, derivada da falta real de compromisos por parte do Estado para co acceso ferroviario a Punta Langosteira, ao que se suma a negativa a condonar a débeda do porto ou procurar unha situación análoga, como si se fixo en Valencia, unha operación sobre a que volve xustificarse a venda de activos do porto, abrindo a porta a un novo pelotazo urbanístico que sirva en bandexa terreos portuarios públicos a grupos promotores privados.

A construción do Porto Exterior da Coruña foi unha decisión de Estado. Foi inviábel gastar 1.000 millóns de euros na súa construción para logo deixalo incomunicado sen camiño de ferro e pretender que sexa agora Galiza quen pague a débeda do porto e o acceso ferroviario.

Unha decisión especulativa, que recupera erros do pasado, que parecen estar a pactar tanto o PP como o PSOE de costas á sociedade e incumprindo o acordo unánime parlamentario do pasado Pleno nos puntos 2 e 3:

“2. A licitación do acceso ferroviario do porto exterior de Punta Langosteira antes do vindeiro mes de xuño co compromiso firme do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de o incluír nos fondos europeos e, no seu defecto, asegurar os recursos orzamentarios necesarios para a súa execución.

CSV: REXISTROMKDm8nlx17
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A condonación da débeda do Porto da Coruña con Portos do Estado ou a concesión dunha achega económica da cantidade equivalente."

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Esta disposta a Xunta de Galiza a apoiar e avalar a venda de terreos portuarios públicos do Porto da Coruña patrocinando a especulación e aceptando o agravio comparativo co Porto de Valencia?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 05/04/2021 17:40:30**

CSV: REXISTROMKDm8nlx17
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.7    11238(11/POP-001595)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego do funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

*Publicación da iniciativa, 101, 24.02.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2021 16:37:25
Nº Rexistro: 11238
Data envío: 17/02/2021 16:37:25.146

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Súarez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Verea Fraiz e Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno.**

A Cidade da Cultura de Galicia vén de celebrar dez anos da súa inauguración. En efecto, en xaneiro de 2011 poñíase en funcionamento o arquivo e a biblioteca, despois dunha década de intenso traballo, non exento de debates e posicionamentos encontrados.

Cómpre lembrar que o proxecto da Cidade da Cultura viuse afectado pola crise económica que non so obrigou á retardación das obras e mesmo a súa paralización, senón que fixo necesario volver a pensar os usos dos edificios en aras de facer rendibles os investimentos públicos.

Foron decisións clave, que posibilitaron que na actualidade, esta infraestrutura sexa un referente cultural de toda Galicia.

Ao cumprirse este décimo aniversario remata unha fase de consolidación. Con preto de 5.000 actividades e case seis millóns de visitas, a Cidade da Cultura amósase como unha ferramenta social, cultural e económica.

Para continuar avanzando nesta dirección, a Xunta de Galicia vén de anunciar o inicio dos traballos de elaboración do II Plan Estratéxico da Cidade de Cultura, unha folla de rota que marcará a dirección do Gaias durante os próximos anos.

CSV: REXISTROfarUp8EUW6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2021 16:37:25
Nº Rexistro: 11238
Data envío: 17/02/2021 16:37:25.146

grupo parlamentario popular de galicia

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Cal é o balance do Goberno galego sobre o funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de Febreiro 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 17/02/2021 14:25:49**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 17/02/2021 14:26:01**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 17/02/2021 14:26:13**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2021 14:26:36**

**José Luis Ferro Iglesias na data 17/02/2021 14:27:01**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 17/02/2021 14:27:10**

**Borja Verea Fraiz na data 17/02/2021 14:27:28**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/02/2021 14:27:48**

CSV: REXISTROtarUp8EUW6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.8 8978(11/POP-001272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a alternativa prevista polo Goberno galego para garantir a supervivencia da planta de Alu Ibérica da Coruña

*Publicación da iniciativa, 88, 03.02.2021*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 13:15:20
Nº Rexistro: 8978
Data envío: 25/01/2021 13:15:20.664

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda ao goberno central do estudo de cantas alternativas sexan necesarias para asegurar a pervivencia da planta de Alu Ibérica da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade da Coruña segue inmersa nun proceso de desindustrialización programada e ante o que o goberno galego parece asistir na distancia como simple observador.

O cadro de persoal da actual Alu Ibérica está a vivir unha situación laboral e persoal complexa, debido á vulnerabilidade á que foi sometido desde o inicio do conflito laboral, que agora se converte en límite, logo de sucesivos incumprimentos por parte da empresa actual vinculados a despidos improcedentes e retrasos no cobro de salarios, entre outros, acontecidos a partir do anuncio da venda da planta de Alu Ibérica da Coruña en maio de 2020.

Por aquela altura, e só oito meses despois de que se formalizase a venda das factorías de Alcoa na Coruña e Avilés a Parter Capital, o 15 de abril de 2020 se facía público que o devandito fondo suízo vendía unha participación do 75% ao Grupo Industrial Riesgo, que a  través do seu vehículo de investimento System Capital Management SL (SCM), pasaba a facerse co control da actual Alu Ibérica.

CSV: REXISTROsfyfUTDES9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa daquela a representación do cadro de persoal da factoría denunciaba que en ningún momento o Comité de Empresa fora informado da venda de Parter Capital ao Grupo Riesgo, advertindo das dúbidas que existían sobre a solvencia e a praxe empresarial dos novos compradores.

Cómpre lembrar que a venda das factorías de Alcoa a Parter Capital foi no seu momento tutelada polo Ministerio de Industria, o cal, co visto e prace da Xunta de Galiza, saudou a operación, destacando que cumpría "co compromiso subscrito polo Goberno, administracións autonómicas, comités de empresa e a multinacional Alcoa para atopar unha solución integral e viábel aos case 700 postos de traballo que estaban en risco".

Que se producise aquela revenda tan só 8 meses despois da adquisición por Parter Capital evidenciaba a falta de compromiso real do fondo suízo para levar a cabo o plan industrial comprometido e puña en cuestión o papel desenvolvido tanto polo Ministerio de Industria como pola Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galiza para procurar unha solución que garantise a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego.

O tempo veu converter en realidade os temores ben fundados e o futuro da planta de Alu Ibérica na Coruña segue cheo de incertezas, pois os traballadores denuncian a ausencia, por parte dos actuais propietarios, dun plan tanxíbel que asegure o mantemento da actividade produtiva da factoría e os postos de traballo, así como a saída industrial para a planta. A esta situación, ademais, súmanse denuncias por despedimentos improcedentes e impagos de salarios, razóns polas que no pasado mes de decembro as traballadoras e traballadores da factoría coruñesa declararon unha folga indefinida.

CSV: REXISTROsfyfUTDES9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 13:15:20
Nº Rexistro: 8978
Data envío: 25/01/2021 13:15:20.664

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A propia Inspección de Traballo, nun informe datado en setembro de 2020, certifica a falta de ocupación efectiva e de investimentos na planta da Coruña.

En consecuencia, queda claro que a única alternativa viábel para o mantemento da capacidade produtiva da planta de aluminio galega e os postos de traballo é que o Gobierno do Estado interveña a planta para que, posteriormente, a SEPI busque un inversor fiábel que se comprometa a poñer en marcha o tan necesario plan de reactivación industrial da factoría que garanta o mantemento dos postos de traballo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego algunha alternativa que garanta a supervivencia da planta de Alu Ibérica da Coruña?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**,
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 25/01/2021 13:12:45**



CSV: REXISTROsfyfUTDES9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 13:15:20
**Nº Rexistro: 8978**
Data envío: 25/01/2021 13:15:20.664


OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza


**Ramón Fernández Alfonzo  na data 25/01/2021 13:12:48**

**Mercedes Queixas Zas  na data 25/01/2021 13:12:57**


CSV: REXISTROsfyfUTDES9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 13.04.2021        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.9 13729(11/PUP-000168)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do recurso de inconstitucionalidade anunciado polo Goberno central contra a Lei 8/2021, de modificación da Lei 8/2008, de saúde de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:03:48
Nº Rexistro: 13729
Data envío: 31/03/2021 13:03:48.340

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

**Pedro Puy Fraga, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento** e **Miguel Tellado Filgueira,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia.**

**Xustificación da urxencia**

A urxencia ven motivada pola recente nova coñecida a través dos medios de comunicación na que o Goberno do Estado anunciou que recorrerá ante o Tribunal Constitucional a reforma da Lei de Saúde de Galicia aprobada recentemente neste Parlamento.

O pasado 23 de febreiro aprobábase no Parlamento a reforma da Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia. A necesidade de contar cun marco legal que permitise xestionar unha pandemia de longa duración fixo que Galicia tivese que afrontar a modificación da súa normativa para adaptarse á nova realidade. Especialmente ao non recibir resposta da proposta remitida desde Galicia en outubro de 2020 para a modificación da lei orgánica.

A norma posibilita que en Galicia non teñamos que actuar con improvisación e dota á nosa comunidade dun soporte legal máis garantista. Así, de cara a protexer a saúde pública das galegas e galegos, prevese un catálogo de medidas e unhas condicións para adoptalas, que deben ser proporcionais, con garantía xudicial, cun límite temporal fixado e motivado e con trámite de audiencia sempre que sexa posible.

O pasado 6 de abril o Goberno do Estado anunciaba que recorrería a reforma galega ante o Tribunal Constitucional, mesmo sen terse dado conversas informais nin ter convocada unha comisión bilateral.

CSV: REXISTRO69oHiorXR8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Por iso, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego respecto do recurso de inconstitucionalidade anunciado polo Goberno do Estado contra a Lei 8/2021, de 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 31/03/2021 13:01:04**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 31/03/2021 13:01:26**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/03/2021 13:01:47**

CSV: REXISTRO69oHiorXR8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2021 13:03:48
Nº Rexistro: 13729
Data envío: 31/03/2021 13:03:48.340

grupo parlamentario popular de galicia

**José Alberto Pazos Couñago na data 31/03/2021 13:01:56**

**Noelia Pérez López na data 31/03/2021 13:02:08**

**María Corina Porro Martínez na data 31/03/2021 13:02:27**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 31/03/2021 13:02:40**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/03/2021 13:02:57**

CSV: REXISTRO69oHiorXR8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/